

Academia Auriense-Míndoniense de San Rosendo

José Pérez Domínguez

Toma de posesión dos novos membros correspondentes, Ilmos. Señores:

D. Xosé Cid Menor, D. Alfonso Carrasco Rouco, D. Ernesto Zaragoza Pascual, D. José Antonio Ocaña Martínez, D. Juan Manuel de Prada e D. José Pérez Domínguez.
Celanova, 21 de novembro de 2009.

Saúdo e Agradecemento
José Pérez Domínguez

Señoras e Señores:

Despois de ter tomado posesión como membros da ACADEMIA AURIENSE-MINDONIENSE DE SAN ROSENDO, recentemente creada, quero expresar no nome dos meus compañeiros e no meu propio o máis sincero agradecemento ós Excmos. e Rvdmos. Señores Patróns, ó Excmo. Sr. Presidente, ós Ilmos. Señores Académicos, por ternos recibido en tan prestixiosa institución.

Para situarnos no tempo:


O evanxelista San Lucas pode axudarnos no noso intento de situarnos no tempo: “*Marta, tú preocupaste e desacougas por moitas cousas; pero soamente unha é necesaria. María escolleu a mellor parte, e nunca se lle vai quitar*”¹.

Metidos como estamos nun ano sacerdotal para todo o mundo católico²; querendo que a Eucaristía sexa na nosa Igrexa diocesana³ (como na Igrexa universal)

¹ Lucas 10, 41 – 41.

² Cfr. Benedicto XVI, *Carta para la convocación de un año sacerdotal con ocasión del 150 aniversario del dies natalis del Santo Cura de Ars*. Vaticano, 16 de junio de 2009.

³ Cfr. *Programación diocesana*, lema para o trineio 2006 – 2010.





Fotografía de Anxo Álvarez

“fonte e cumio da vida cristián”⁴; e preparándonos para un ano Santo Compostelán⁵ no que o camiño material sexa símbolo da andaina espiritual, que en Cristo ten o seu modelo e a súa meta, chegamos a Celanova, a casa de San Rosendo (ó seu mosteiro), na busca do silencio, na procura da harmonía e do sosego espiritual; vimos ó encontro da nosa unidade interior.

Estes seculares muros, estas longas lousas de pedra, este templo abacial no que rezamos, estas celas, mansións sixilosas de monxes por días e noites, recórdanme o setenario da peregrinación, tal como é proposto por un vello monxe budista vietnamita, Tich Nhat Hanh⁶. No seu libro “*O largo camiño que leva a ledicia*” instrúe ós seus discípulos a facer o camiño sempre sorrindo e practicando a meditación na andaina:

⁴ Concilio Vaticano II, *Constitución Lumen Gentium*, LG 11

⁵ Cfr. Julián Barrio Barrio, *Carta pastoral Peregrinos de la fe y testigos de Cristo Resucitado*, Arzobispado de Santiago de Compostela, Año Santo 2010.

⁶ **Datos biográficos:** Thich Nhat Hanh naceu en Vietnam no 1926: foi monxe budista durante máis de corenta anos ademais de poeta e activista pola paz. En Vietnam fundou a Escola da Mocidade para os Servizos Sociais, a Universidade Budista de Vanh Hanh, a editorial Le Boi Press e a Orden del Interseer. Ensinou na Universidade de Columbia e na Sorbona e foi nominado por Martín Luter King Jr. para o Premio Nobel da Paz do 1967. Actualmente vive en Plum Village, unha comunidade budista cerca de Burdeos, Francia, que el mesmo fundou no 1982. Viaxa constantemente polo mundo ensinando e axudando ós refuxiados en todas partes. Sempre preocupado por integrar as ensinanzas da atención consciente na vida diaria escribiu máis de 60 libros en inglés, francés e vietnamita. Moitos foron traducidos ó español.

Cfr. BIBLIOGRAFÍA: *Camino viejo, nubes blancas: tras las huellas del buda; Nuestro verdadero hogar: el camino hacia la tierra pura; El corazón del cosmos; Buda viviente, Cristo viviente; El largo camino lleva a la alegría: la practica de la meditación andando.*

- Tú xa chegaches. Polo tanto sinte o pracer en cada paso e non te preocupes polas cousas que aínda tes que superar. Non temos nada diante de nós; só un camiño para percorrer con ledicia en cada instante. Cando practicamos a meditación peregrina, estamos sempre chegando, pois o noso fogar é sempre o momento presente e nada máis.
- Por iso, sorrí sempre mentres camiñas, aínda que teñas que esforzarte un pouco e sentirte ridículo. Acostúmame a sorrir e terminarás moi ledo. Non teñas medo de mostrarte contento.
- Se pensas que a paz e a felicidade están sempre máis adiante, inda xamais conseguirás alcanzalas. Trata de entender que ambas son as túas compañeiras de viaxe.
- Cando andas, das masaxes á terra, venerándoa. Da mesma maneira, a terra está tratando de axudarche a equilibrar o teu organismo e a túa mente. Entende esta relación e trata de respectala. Que os teus pasos sexan dados ca firmeza do león, ca elegancia do tigre, ca dignidade do emperador.
- Presta atención ó que sucede no teu redor. Concéntrate na respiración; iso axudarache a liberarte dos problemas e das ansiedades que tratan de estorbarche no teu camiño.
- Cando camiñas, non es ti só quen se está movendo, senón tódalas xeracións pasadas e futuras. No mundo que chaman real, o tempo é unha medida; pero no verdadeiro mundo non existe nada máis alá do momento presente. Ten plena conciencia de que todo canto sucedeu e todo canto ha de suceder está en cada paso que ti vas dando.
- Divértete. Fai da meditación peregrina un constante encontro contigo mesmo; inda xamais unha penitencia que busque recompensa. Que sempre medren flores e froitos nos camiños que ti vas pisando.


Miñas Donas, Meus Señores: é posible que veña a nosa memoria a oda de Horacio “*carpe diem quam minimum credula postero*”⁷. Pero trátase do Evanxeo no seu mais puro senso. Fronte a fractura persoal e social, fronte as carreiras para chegar a ningún lado, fronte a ausencia axiolóxica de motivos polos que vivir, lembremos: “*Non andedes angustiados dicindo: <¿que imos comer?> ou <¿que imos beber?> ou*

⁷ Horacio, *Oda I*, 11.

Ti non te preocupes -¡pecado sabelo!- qué fin a min, cál a ti deron os deuses, Leucónoe, nin as babilonias cábalas consultes.

¡Cánto mellor soportar o que veña, xa si máis invernos nos concedeu Xúpiter ou si é o último este que agora deixa sen forzas o mar Tirreno baténdoo contra os escollos que se lle enfrontan!

*Sé sabia, filtra o viño e, sendo breve a vida, corta a esperanza larga. Mentres estamos falando, terá escapado envexosa a idade: **aproveita o día, fiando o menos posible ó que ha de vir.***



<¿que imos vestir?> Por todas esas cousas andan angustiados os pagáns; e ben sabe voso Pai celestial que as precisades. Procurade primeiro o Reino de Deus e maila súa xustiza, e todas esas cousas hánsevos dar de máis”. Así que non vos angustiedes polo de mañá; mañá xa traerá a súa angueira. Cada día ten de abondo cos seus afáns”⁸.

¡Que a Academia Auriense - Mindoniense de san Rosendo sexa unha axuda para acadar paz e ben para a nosa terra e para tódalas súas xentes!

Señoras, Señores, moitas grazas.

⁸ Mt. 6, 31 – 34.